



CONCELLO DE  
OLEIROS

## Certificado

---

**M<sup>a</sup> Pilar Cela Alvarez**, secretaria accidental do Concello de **Oleiros** (A Coruña).-

### CERTIFICO:

Que na sesión ordinaria do Concello Pleno que tivo lugar o 27 de febreiro de 2020, adoptouse acordo sendo a súa parte dispositiva a seguinte:

**“Punto 3.- Aprobación provisional, se procede, do documento denominado “Modificación puntual nº 11 do**

**PXOM para a adaptación de usos no ámbito do POL-31” - Oleiros**

“Con data 14.06.2019 e nº de rexistro de entrada 9753, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático remite Resolución pola que se formula o Informe Ambiental Estratéxico da Modificación, na cal resólvese non someter a Modificación puntual nº 11 do PXOM PARA A ADAPTACIÓN DE USOS NO ÁMBITO DO POL-31 ao procedemento de Avaliación Ambiental Ordinaria.

Con data 12.07.2019 preséntase documento da modificación puntual con nº de rexistro de entrada 11877.

Con data 15.10.2019 e nº de rexistro de entrada 17614 a Dirección Xeral de Aviación Civil informa favorablemente a Modificación Puntual.

Polo Concello Pleno que tivo lugar o día 26 de setembro de 2019 aprobouse inicialmente o documento de modificación puntual e someteuse a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia nº 195 do 14 de outubro e en “La Voz de Galicia” do 16 de outubro de 2019, sen que se presentara alegación algunha.

Remitiuse o 10.12.2019 copia de todo o expediente administrativo e do documento da modificación á Xefatura Territorial da Consellería de MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA, para que dese audiencia aos municipios limítrofes e solicitase os informes sectoriais autonómicos: Instituto de Estudos do Territorio - informe do 05.12.2019; Dirección Xeral Do Patrimonio Cultural - informe do 07.02.2020; Dirección Xeral de Emerxencias e Interior - informe do 10.11.2019; Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático – informe do 14.11.2019 segundo o cal non existe ningún solo declarado como contaminado; informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do 17.02.2020; todos eles favorables.

Constan informes técnicos e xurídicos emitidos o 01.08.2019 e o 29.08.2019 respectivamente.

Vistos os informes técnicos e xurídicos emitidos, ao Concello Pleno PROPONSE:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente o documento denominado “MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 11 DO PXOM PARA A ADAPTACIÓN DE USOS NO ÁMBITO DO POL-31” (Documento R.E. Nº 11877 do 12.07.2019), promovido polo Concello de Oleiros.

Segundo.- Solicitar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a aprobación definitiva do documento denominado “MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 11 DO PXOM PARA A ADAPTACIÓN DE USOS NO ÁMBITO DO POL-31” (Documento R.E. Nº 11877 do 12.07.2019), promovido polo Concello de Oleiros.

Terceiro.- Dilixenciar o documento e remitir copia do mesmo xunto co expediente administrativo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo para a súa aprobación definitiva.”

E para que conste expido este certificado de conformidade co que dispón o artigo 204 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do Sr. alcalde e coa advertencia á que a fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, asinado dixitalmente polo alcalde e pola secretaria accidental na data que figura na propia sinatura deste documento.-

Vº e Prace

**O alcalde,**

Ángel García Seoane